

PREGO DE CLAUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERAN A CONTRATACION DA EXPLOTACION DO QUIOSCO EXISTENTE NA PISCINA MUNICIPAL DE TABOADELA.

PRIMEIRO .- OBXECTO DO CONTRATO.- Constitúe o obxecto do Contrato a explotación do quiosco existente na piscina municipal de Taboadela..

SEGUNDO.- DURACION DO CONTRATO.- A explotación do servizo desenvolverase durante a tempada de verán de 2021, (dende o 20 de xuño ata o 10 de setembro aproximadamente).

TERCEIRO.- PRESUPOSTO BASE DE CONTRATACIÓN.- Catrocentos euros mensuais mínimo, pero poderán oferta-los interesados a cantidade que estimen conveniente.

CUARTO.- OBRIGACIONS.-

A) O contratista explotará libremente o quiosco existente, conforme á lista de prezos que estará exposta ó público.

B) O contratista dotará ás súas costas dito servizo de quiosco de todo o necesario para a súa explotación, o persoal necesario para a mesma e sendo por conta do Concello o consumo de luz e auga do local e os produtos necesarios para a limpeza das instalacións

C) Esmerada limpeza das instalación, según protocolo de medidas de protección polo Covid-19.

D) Respetar e facer respectá-lo bo orden e conservación das instalacións.

E) O persoal de atención do quiosco deberá estar en posesión do carné de manipulador de alimentos.

F) Serán de conta do contratista, o cumprimento das Normas vixentes de Lexislación Laboral e de Traballo, así como as de carácter Fiscal, quedando o Concello libre de responsabilidade por este incumprimento.

G) O contrato faise a risco e ventura do contratista non podendo pedir por motivo algún a revisión de prezos, a menos de pedilo unha Disposición de carácter xeral e obrigado cumprimento para este Concello.

QUINTA.- O custo dos produtos para o mantemento e funcionamento do quiosco serán por conta do propio contratista.



SEXTA.- REVERSION DE BENS E INSTALACIONES.- Unha vez remate o prazo do Contrato, reverterán ó Concello tódalas instalacións que constitúen os elementos fixos do quiosco, xunto con aqueles que sen ser fixos queden empotrados a algún elemento do local, así como toda clase de melloras que poderan facerse durante o tempo que rexa o contrato.

Calquera obra, instalación ou mellora que pretenda facer o contratista deberá ser autorizada polo Concello, se se autorizan, os gastos ocasionados serán de conta do contratista.

SETIMA.- O Concello poderá fiscalizar a través do Sr. Alcalde ou Concelleiro en quen delegue a xestión do servizo, a este efecto poderá inspeccioná-lo local do quiosco.

OITAVA.- O contratista e o persoal que contrate a tal fin, non adquirirá a condición de funcionario Municipal, nin a súa relación co Concello será laboral, entendéndose a tódolos efectos o contrato que se outorgue como un contrato administrativo.

NOVENA.- INCUMPRIMENTO DO CONTRATISTA.- Se o incumprimento por parte do contratista se derivasen perturbacións graves do servizo , o Concello poderá acordar a resolución do contrato, previa tramitación do correspondente expediente con audiencia do interesado. En todo caso o Contratista deberá aboar ó Concello os danos e prexuízos que efectivamente lle irrogara.

DECIMA.- O contratista ingresará na Tesourería Municipal o prezo do Contrato da seguinte forma:

- O 25% á sinatura do contrato.
- O 50% antes do 26 de xullo de 2021.
- O restante 25% antes do 30 de Agosto de 2021.

DECIMO PRIMEIRA.- PROPOSICIONS E DOCUMENTACION COMPLEMENTARIA .- As proposicións para tomar parte na contratación presentaranse no rexistro municipal co seguinte modelo en sobre pechado e no cal figurará o lema : “Proposicións para contratar a explotación do quiosco existente nas piscinas municipais de Taboada”.

“D. con D.N.I. n.º
con domicilio enen nome propio (ou en representación decomo acredita por) enterado da convocatoria para contratar a explotación do quiosco existente nas piscinas municipais, comprométese a xestiona-lo servizo con estricta suxección ás condicións establecidas, e ofrece como canon para 2021 a cantidade



de(en letra e número).....que me comprometo a satisfacer a favor do Concello nos prazos sinalados.

Lugar, data e sinatura.”

Se presentarán simultaneamente co modelo de proposición e en sobre aparte os seguintes documentos :

- 1.- Fotocopia compulsada do D.N.I.
- 2.- Escritura de poder, orixinal e compulsada, no seu caso, se se actúa en representación doutra persoa.
- 3.-Estar dado de alta como trabador autónomo o sociedade mercantil rexistrada.
- 4.- Declaración responsable de non atoparse incurso nas causas de incapacidade e incompatibilidade para contratar con este Concello.
- 5.- Acreditación de estar ó corrente das Obrigas Tributarias e Seguridade Social.
- 6.- Xustificación da solvencia económica e financeira mediante certificación apropiada de entidades financeiras e xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.Seguro de responsabilidade civil da explotación.
- 7.- Tabla de prezos e libro de reclamacións.
- 8.- Carnet de manipulador de alimentos.

DECIMO SEGUNDA.- PRESENTACION DE PROPOSICIONS.-As proposicións presentaranse en sobre pechado no Rexistro do Concello, ata o día 15 de xuño, de nove a catorce horas (excepto sábados).

DECIMO TERCEIRA.- A adxudicación será efectuada pola Alcaldía podendo deixar deserto a contratación se ningunha das proposicións presentadas non satisfai adecuadamente os intereses municipais, aínda no suposto de que concorra un só candidato.

DECIMO CUARTA.- REGULACION LEGAL .- Para o non previsto no presente Prego, estarase ó disposto na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, de Administración Local de Galicia, Lei de Contratos do Sector Público, e demais normativa que resulte de aplicación.

O Alcalde,

